Acta da sesión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego do día 30 de maio de 2024.

[PLG/RMBV]

Na sala de comisións Concepción Arenal do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego,** o día **30 de maio de 2024, ás 10:32 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Noelia Pérez López
(Presidenta)
Roberto Rodríguez Martínez
(Vicepresidente)
Iria Carreira Pazos
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Encarnación Amigo Díaz
Raquel Arias Rodríguez
Víctor Manuel Baladrón Lamas
(en substitución de Nicole Grueira Fernández)
Patricia García González
María Dolores Hermelo Piñeiro
(en substitución de Raúl Santamaría González)
José Alberto Pazos Couñago
Carmen María Pomar Tojo
(en substitución de Roberto Rodríguez Martínez ata a súa incorporación a sesión)
Gonzalo Trenor López
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Ariadna Fernández González
María Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Iago Suárez Fernández
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
María Elena Espinosa Mangana
Silvia Longueira Castro

Interveniente non membro:
Lara Méndez López

Letrada:
Purificación López Gómez

PARLAMENTO DE GALICIA

A Sra. Presidenta abre a sesión e rógalle á Sra. secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución e as substitución pertinentes. Significase que actúa como vicepresidenta en funcións Carmen María Pomar Tojo ata a incorporación a sesión do seu titular Roberto Rodríguez Martínez.

Logo da constatación do quórum, a presidenta comunica a xustificación de inasistencia de Armando Ojea Bouzo (G.P. Mixto) e éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto único. Proposicións non de lei

1.1 1043 (12/PNC-000101)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena
Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo en materia de erradicación da pobreza infantil
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 12f2, do 17.04.2024

A Presidencia comunica que a esta proposición non de lei o G.P. Popular de Galicia presentou unha emenda de substitución (documento núm. 5062), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

A Sra. Longueira Castro (S) dá conta das razóns que levaron ao seu grupo á formulación desta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado. Asemade posibilita unha transacción coa emenda presentada.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén a Sra. Arias Rodríguez (P) para a defensa da emenda de substitución presentada polo seu grupo, e, na rolda do grupo parlamentario non emendante a Sra. Fernández González (BNG) posiciónase a favor da proposta.

Na rolda de puntualizacións a Sra. Longueira Castro (S) dá conta das razóns polas que non acepta a emenda do G.P. Popular de Galicia e reiterase no manifestado na súa intervención inicial.

1.2 1778 (12/PNC-000214)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pérez López, Noelia e 8 máis
Sobre a demanda á Xunta de Galicia da aprobación neste ano 2024 dun plan de cirurxía menor para o ámbito da atención primaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 16f2, do 24.04.2024

A Presidencia comunica que a esta proposición non de lei o G.P. dos Socialista de Galicia presentou unha emenda de substitución (documento número 5034), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

.../...

PARLAMENTO DE GALICIA

Para a defensa da proposta intervén a Sra. Amigo Díaz (P) expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén á Sra. Espinosa Mangana (S), para a defensa da emenda de substitución presentada polo seu grupo, e, na rolda do grupo parlamentario non emendante, a Sra. Prado Cores (BNG) posiciónase sobre esta iniciativa.

Por último, a Sra. Amigo Díaz (P), na rolda de puntualizacións, dá conta das razóns polas que non acepta a emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia, se ben non tería inconveniente en transaccionar un texto.

1.3 1780 (12/PNC-000217)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna e Prado Cores, María Montserrat
Sobre as actuacións que o Goberno galego debe impulsar en relación coa atención pediátrica na comarca do Deza
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 16f2, do 24.04.2024

A Sra. Fernández González (BNG) dá conta das razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito e publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar a Sra. Espinosa Mangana (S), que concorda co que se demanda nesta iniciativa de impulso, polo que adianta o apoio do seu grupo.

En sentido contrario posiciónase o Sr. Pazos Couñago (P), que responde ás alegacións anteriores e defende a xestión da Xunta de Galicia en sanidade, en concreto na atención pediátrica na comarca do Deza. Durante esta intervención a presidencia roga silencio.

Na rolda de puntualizacións a Sra. Fernández González (BNG), comenta as anteriores intervencións e responde ás alegacións do Sr. Pazos Couñago (P) reiterando os datos alegados na súa primeira intervención. Durante esta intervención a presidencia roga silencio e que non se interrompan.

1.4 2775 (12/PNC-000352)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e Insua Lema, Óscar
Sobre as actuacións que o Goberno galego debe impulsar co fin de mellorar a dotación de facultativos do Hospital de Monforte de Lemos, especialmente no que atinxe á especialidade de psiquiatría
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 22f1, do 08.05.2024

A Presidencia comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de substitución por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia (documento número 5060),

.../...

da que obvia a súa lectura dado que se remitiu polos servizos da Cámara aos membros da Comisión.

O Sr. Suárez Fernández (BNG) dá conta das razóns que levaron ao seu grupo á formulación desta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén a Sra. Amigo Díaz (P) para a defensa da emenda de substitución presentada polo seu grupo.

Na rolda do grupo parlamentario non emendante toma a palabra a Sra. Méndez López (S), quen incide neste problema que cualifica de estrutural.

(Durante esta intervención abandona a sesión a Sra. Pomar Tojo, ocupando a vicepresidencia en funcións a Sra. Rodríguez Arias ata a incorporación do seu titular).

Na rolda de puntualizacións o Sr. Suárez Fernández (BNG), defende a súa postura conforme a proposición. Respecto a emenda presentada indica que, aínda que a considera útil nalgún dos sentidos da iniciativa, non contempla outras cuestións, polo que non poden aceptala.

A seguir, a Sra. Amigo Díaz (P) solicita a votación separada desta iniciativa diferenciando o punto 1 dos puntos 2 e 3, proposta que acepta o grupo parlamentario propoñente.

1.5 2958 (12/PNC-000374)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia dirixidas a integrar no Servizo Galego de Saúde as unidades asistenciais de atención á drogodependencia xestionadas polas administracións locais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 22f1, do 08.05.2024

Toma a palabra á Sra. Espinosa Mangana (S) para expoñer as razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

(A Sra. Pérez López (P), presidenta, abandona os seu posto na Mesa e ocupa o seu escano xunto cos outros membros do seu grupo parlamentario para tomar parte neste debate (artigo 82 do Regulamento do Parlamento de Galicia) e actúa como presidenta a Sra. Arias Rodríguez (P), vicepresidenta en funcións neste momento).

A Presidencia informa que a esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios, intervén en primeiro lugar a Sra. Prado Cores (BNG), que amosa o seu acordo con moitas das argumentacións exposta polo propoñente, polo que anuncia o voto favorable do grupo parlamentario que representa.

Nesta mesma rolda intervén á Sra. Pérez López (P) que responde ao manifestado nas intervencións anteriores engadindo información ao respecto e propón unha emenda in voce que consiste en suprimir a referencia "...ao longo deste ano 2024...".

Na rolda de puntualizacións a Sra. Espinosa Mangana deixa constancia de que no ano 2018 non era ministra no Goberno Central, como se dixo nunha intervención anterior. Retomando o tema da iniciativa, aporta novos datos e responde a cuestións expostas na intervención anterior.

1.6 3476 (12/PNC-000443)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pérez López, Noelia e 7 máis
Sobre a acción que debe seguir impulsando o Goberno galego en materia de apoio ao emprendemento empresarial e laboral
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 24f2, do 15.05.2024

A Presidencia comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de modificación polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (documento número 5047), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

A Sra. Pérez López (P) dá conta das razóns que levaron ao seu grupo á formulación desta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

Na rolda de grupo parlamentario emendante, intervén a Sra. Longueira Castro (S) para a defensa da emenda de substitución presentada polo seu grupo, e, na rolda do grupo parlamentario non emendante, a Sra. Rodil Fernández (BNG) indica que o seu grupo parlamentario non vai apoiar esta iniciativa nos termos que constan no texto resolutivo.

Na rolda de puntualizacións, a Sra. Pérez López (P) responde as dúas intervencións anteriores, e reitera a proposta formulada, logo de motivar a non aceptación da emenda presentada.

Logo da incorporación da Sra. Pérez López á presidencia, procédese á votación das proposicións non de lei que conforman o punto único desta orde do día:

1.1 1043 (12/PNC-000101), do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Non acadada transacción, sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta rexeitado por:
- Votos a favor..... 7
- Votos en contra.....9
- Abstencións..... 0

1.2 1778 (12/PNC-000214), do Grupo Parlamentario Popular de Galicia. Non acadada transacción, sométese a votación o texto resolutivo orixinal e resulta aprobado sen modificacións por:
- Votos a favor 9
- Votos en contra.....0
- Abstencións.....7

.../...

PARLAMENTO DE GALICIA

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a aprobar neste ano 2024 un plan de cirurxía menor en atención primaria, que desenvolva a necesaria formación ao persoal sanitario e fixe protocolos estandarizados para que, xunto coa dotación de novo equipamento tecnolóxico, se potencie a resolución neste nivel asistencial de intervencións cirúrxicas sinxelas."

1.3 1780 (12/PNC-000217), do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta rexeitado por:

- Votos a favor.....7
- Votos en contra 9
- Abstencións.....0

1.4 2775 (12/PNC-000352), do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto orixinal en votación separada por puntos:

Punto 1. Resulta aprobado pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes.

Puntos 2 e 3. Resultan rexeitados por:

- Votos a favor.....7
- Votos en contra.....9
- Abstencións.....0

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:repor no menor tempo posible a asistencia psiquiátrica en Monforte de Lemos"

1.5 2958 (12/PNC-000374), do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta rexeitada por:

- Votos a favor.....7
- Votos en contra.....9
- Abstencións.....0

1.6 3476 (12/PNC-000443), do Grupo Parlamentario Popular de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal e resulta aprobada sen modificacións por:

- Votos a favor.....9
- Votos en contra.....7
- Abstencións.....0

O texto aprobado é o seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar impulsando un ecosistema de apoio ao emprendemento no que están implicados todos os axentes, entidades, redes e recursos dispoñibles para o inicio dunha nova actividade empresarial.

.../...

PARLAMENTO DE GALICIA

Así mesmo, que se impulsen os Polos de Emprendemento como canalizadores do relevo xeracional e como instrumento de asesoramento de emigrantes que queiran iniciarse por conta propia, ademais de poñer en funcionamento aqueles polos que se atopan inactivos".

Rematada a votación, a señora presidenta agradece a todos o seu traballo e levanta a sesión sendo ás 13.28 horas.

Visto e prace

Noelia Pérez López

Presidenta da Comisión

Noelia Pérez López

Firmado digitalmente por Noelia Pérez López
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Noelia Pérez López, email=noelia.perez.lopez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.06.25 18:41:54 +02'00'

Iria Carreira Pazos

Secretaria da Comisión

Iria Carreira Pazos

Firmado digitalmente por Iria Carreira Pazos
Fecha: 2024.06.25 16:38:10 +02'00'